



14 de marzo de 2013. As modificacións do sistema eléctrico e a eliminación das primas ás renovábeis introducidas por Rajoy, ameazan a viabilidade de SOGAMA. Esta empresa, que xestiona 82% dos refugallos urbanos do país mediante a incineración e o vertido, verá reducidos os ingresos que obtén pola venda da electricidade nuns 13 millóns de € cada ano. Porén, ao basearse na xestión dun recurso público (o lixo) que pagamos todos/as, a solución é ben doada: Aumentar a factura nun 26% de xeito que **a tonelada de lixo que cobra SOGAMA pasará de 62€ a preto de 80€**. Mentres, os sistemas baseados na redución e na compostaxe, como o da Mancomunidade do Barbanza, aliás de ser máis ecolóxicos, supoñen un maior aforro para os cidadáns e os concellos. O PP ten a oportunidade de rematar co ruinoso sistema SOGAMA aprobando a [ILP dos residuos](#) que vén de entrar no Parlamento coa beizón da Xunta Eleitoral ás **20.389 sinaturas** de galegos e galegas que demandamos un outro modelo de xestión do lixo.

Para os membros da Comisión Promotora da ILP ["PARA A APLICACIÓN EFECTIVA DOS PRINCIPIOS DE REDUCION, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS EN GALIZA"](#), o debate nunca foi a ubicación da incineradora, como pretendía facer o PP coa planta do Irixo: Foi o modelo. Un modelo, a incineración, [defendido con mentiras polo PP](#) contra toda lóxica, eficiencia e mesmo contra toda a lexislación de residuos galega, estatal e europea.

Un modelo, SOGAMA, que incinera a metade dos refugallos urbanos e os transforma en [gases e cinsas tóxicas](#), enviando a outra metade ao vertedoiro de lixo máis grande de Europa, a verdadeira "caixa B" da política de residuos da Xunta. Un modelo ilegal, insustentábel ambiental e ruinoso economicamente, concebido a maior gloria de GN-Fenosa e que supón un lastre para as maltreitas economías dos concellos galegos

Agora, a crise económica e as contraditorias políticas do PP cos residuos e co sector enerxético evidencia novamente o insustentábel dun modelo, o de SOGAMA, que espreme os petos dos cidadás aos que engana facendo pasar pasar por reciclaxe e "valorización enerxética" un proceso, a incineración, que simplemente equivale a un vertido, e é responsábel de manter o [vertedoiro incontrolado de lixo máis grande de Europa en Cerceda](#) .

A estratexia de fixar un **prezo político** para o tratamento do lixo, continuamente incrementado nestes anos, para poder competir artificialmente cos sistemas alternativos baseados na compostaxe, abanea agora debido á crise e aos decretos do "governo amigo" de Madrid. Mais a reacción da Xunta/SOGAMA non vai ser, como sería o sensato (e obrigan as leis e directivas de residuos) mudar un modelo ruinoso que non funciona. Optarán, para cadrar as contas, por incrementar a fatura do lixo e seguir espremendo os petos dos cidadás. E quen se beneficia deste filibusterismo cos nosos refugallos? Pois a outra "parte contratante" de SOGAMA, GN-Fenosa (49% das accións) que vaille vender máis caro o gas que precisa SOGAMA para secar o lixo antes de queimalo. Negocio redondo: GN-Fenosa mantén o seu beneficio a base de trasladar os custos e as perdas á cidadanía. Non nos estrana que as eléctricas acaben sendo o retiro dourado de ex-presidentes e ex-ministros xa amortizados.